



27 ideas suxerentes (unha para cada letra do alfabeto) que nos inspiran e nos fan reflexionar. Carme Fenoll Calabuch

Bibliotecaria, actualmente traballando como xefa de gabinte do reitor da UPC. Licenciada en Documentación e Máster en Xestión cultural. Vinculada profesionalmente desde hai 20 anos ás bibliotecas públicas. Entre 2012 e 2017 foi a xefa do Servizo de Bibliotecas do Departamento de Cultura da Generalitat de Cataluña. Participou nas Pautas para Bibliotecas escolares da Generalitat de Cataluña e está vinculada ao mundo das bibliotecas escolares desde 1998. Participou nas Pautas para Bibliotecas escolares da Generalitat de Cataluña e está vinculada ao mundo das bibliotecas escolares desde 1998.

“Cara unha lectura crítica da palabra e do mundo”. **Guadalupe Jover** Profesora de Lingua Castelá e Literatura no IES María Guerrero de Collado Villalba (Madrid). Autora de Un mundo por leer. Educación, adolescentes e literatura (Octaedro), Constelaciones literarias. Sentirse raro (Junta de Andalucía), Leer en la adolescencia (Junta de Andalucía), Constelaciones literarias. Tres días en la ópera (Boletín Libro abierto. Junta de Andalucía) así como de diversos artigos e materiais didácticos relativos á educación literaria dos adolescentes recolleitos no sitio web: Educación literaria en Secundaria.

Porque non nos chega con formar lectores competentes, preguntámonos qué textos e qué lecturas poden axudarnos a formar lectores críticos. A competencia lectora antóllase insuficiente se non vai acompañada dunha ética da lectura. A proposta “ler a palabra e o mundo” trata de fundamentar teoricamente estes postulados e de ofrecer materiais para o seu desenvolvemento nas aulas.



Mesa 1 – Voluntariado na biblioteca escolar (Sala 4 -70 persoas) Beatriz González. CEIP Ramón Falcón (Castro de Rei, Lugo) Purificación Vázquez Silva. CIFP Anxel Casal (A Coruña)

Mesa 2- Biblioteca escolar, base de exploracións (Sala 10 -70 persoas) “Buscando a Valle”. Diego Abarca Rodríguez. IES Faro das Lúas (Vilanova de Arousa, Pontevedra)

“Xuntos, descubrindo as cores do mundo. Unha viaxe en globo”. Beatriz Rei Busto. CEIP Vales Villamarín (Betanzos, A Coruña)

Mesa 3 – Biblioteca, base de exploracións (Sala 14 -140 persoas): “A biblioteca, o centro de operacións de traballo por proxectos”. Beatriz Martínez Ruíz. CIPF Coroso (Ribeira, A Coruña)

“Quen sementa, recolle”. Aurora Ramilo Alfaya. CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño, Pontevedra)

Mesa 4 – Biblioteca, base de exploracións (Sala 25 -140 persoas): “Mares de Cedeira”. Carmen Lorenzo Díaz. CEIP Nicolás del Río (Cedeira, A Coruña)

“De (casi) cero a Hogwarts... A máxica experiencia de dinamizar unha biblioteca de centro”. Glafira Fernández-Campoamor Fdez. IES Fraga do Eume (Pontedeume, A Coruña)

Mesa 5 – Biblioteca escolar, espazo de lecturas Sala 12 -70 personas)

Itinerarios lectores e outros. María Lina García Porto. CEIP A Pedra (Bueu, Pontevedra) Paso a paso “Ao pé da letra”. María Garrido Rodríguez. IES Cidade de Antioquía (Xinzo da Limia, Ourense)

Sala 16 (30 persoas) Reunión centros integrados no programa Radio na Biblio.

Centros LiA.2 (Sala Santiago)

“Mudando a carón de Lendario”. Verónica Guardado Gesto. CEIP Canosa Rus (Coristanco, A Coruña) Elisa González Díaz. CPI Cruz de Sar (Bergondo, A Coruña)

“Soñando unha biblioteca”. Xoaquín Freixeiro Álvarez. CEIP Condesa de Fenosa, O Barco de Valdeorras (Ourense)



Calidade e variedade da LIX6. Un exemplo: o tratamento da igualdade. Pilar Sampedro

Ex profesora, asesora de formación do profesorado e de bibliotecas escolares. Na actualidade é vicepresidenta segunda de GALIX e forma parte do consello de redacción da revista Galega de Educación. Cordinadora e redactora de múltiples guías de LIX.

A literatura infantil e xuvenil galega conta con pouco tempo de existencia; desde os primeiros pasos dados polos homes da xeración Nós ata o momento actual ten percorrido un camiño cheo de dificultades pero tamén de logros, de oportunidades e algunha carencia. Acompañaremos a evolución desta literatura que podemos considerar de éxito, a pesar dos recortes na edición a raíz da crise. E remataremos, dando un repaso á posible selección dunha serie de títulos de literatura infantil e xuvenil para a igualdade, como exemplo da calidade, variedade e vigor deste xénero.



“A poesía peta na porta. Abramos e acheguémonos a ela” Antonio García Teijeiro.

Narrador, poeta e especialista en Literatura Infantil e Xuvenil. Difusor da literatura para rapaces en distintos ámbitos. Colaborador en páxinas literarias e pedagóxicas de xornais e revistas máis prestixiosas de Galicia e fóra dela. Varios dos seus libros foron incluídos nas Listas de Honra da CCEI e da revista CLIJ. Gañou o Premio Merlín con Na fogueira dos versos, Lista de Honra do IBBY (1998) e foi finalista do premio Nacional (1997). O libro compartido con Antonio Reigosa, Lendo lendas, digo versos recibiu o premio á mellor iniciativa bibliográfica na I Gala do Libro Galego e entrou na Lista de honra do IBBY en 2018. No ano 2017 obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil polo poemario Poemar o mar.



“Obradoiro de Gamificación na Biblioteca Escolar. O xogo como porta de entrada á lectura”. Ana Ordás.

Neste obradoiro exploraremos o poder do xogo para captar a atención e para involucrar ás persoas nas historias que forman parte dos libros. Poremos as gafas dun deseñador de xogos para ver as diferenzas entre aprendizaxe baseada no xogo e gamificación, así como as mecánicas que encaixan con cada tipo de xogador e que é o que os motiva a participar. E por suposto, xogaremos!

Con experiencia de máis de 20 anos no sector das bibliotecas, traballou en empresas como Odilo ou Baratz, polo que posúe un profundo coñecemento dos diferentes modelos de xestión de bibliotecas físicas e dixitais. Experta en gamificación, axuda ás bibliotecas que buscan novas vías de conectar cos usuarios e desenvolver actividades lúdicas e proxectos gamificados. Escribe no seu blog anaordas.com e colabora en bibliotecarios.es

Quen é quen? Encontros de centros PLAMBE 2017/2018



Rosa Piquín Cancio (S.Obradoiro)

Integrar as competencias ALFIN/AMI no sistema educativo implica cambios que afectan, polo menos, á cultura institucional, ao currículo, ás súas condicións de desenvolvemento, ás metodoloxías, ás estruturas de funcionamento e ás competencias profesionais. Dar forma a modificacións nestes ámbitos supón non só optimizar fórmulas que poidan estar a funcionar, senón aceptar que o cambio supón unha revisión a fondo de prácticas asentadas, así como salvar barreiras ou resistencias que impiden afrontalo. A mellor ferramenta que dispón a escola para asumir ese cambio é a Biblioteca Escolar.


Licenciada en Filosofía e Letras (Sección Psicoloxía) pola Universidade de Oviedo. Diplomada en Audición e Linguaxe e en Educación Musical. Foi profesora responsable da Biblioteca escolar e coordinadora do Grupo de Traballo do CP Pablo Iglesias que obtivo un dos Premios de Dinamización de Bibliotecas Escolares do MEC. Foi a creadora de ABAREQUE, Revista de Biblioteca Escolar (<http://www.abareque.es>)

María Victoria Moreno. Escritora, mestra, compañeira (Sala 25)



María Victoria Moreno foi unha profesora que desenvolveu papeis moi variados vencellados coa literatura: escritora, tradutora, editora, libreira, conferenciante e autora de libros de texto. Tras amosar brevemente as súas diferentes angueiras, afondarase en dúas cuestións fundamentais para entender a súa produción: o compromiso co galego e coa literatura infantil, ademais da súa clara vontade de contribuír activamente a normalizar o emprego da lingua e a erixir un mundo literario en que a mocidade puidese recoñecerse.

“Do compromiso e da vontade: unha aproximación á obra literaria de María Victoria Moreno”. Montse Pena Presas. USC

“A biblioteca María Victoria Moreno. Historia dunha herdanza”. Pedro Iturburúa.



Pep Bruno Licenciado en Filoloxía Hispánica e en Teoría da Literatura e Literatura Comparada e diplomado en Traballo Social. Contacontos de forma profesional desde 1994, conta para bebés, público infantil, xuvenil e adulto. Foi membro do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil de Guadalajara (España) e participou na organización do Maratón de Contos de Guadalajara entre 1994-2006. É socio fundador de AEDA, asociación de profesionais da narración oral en España (narracionoral.es) Imparte talleres literarios e de creación; organiza actividades de animación á lectura; escribe artigos especializados, dá cursos e conferencias... en universidades, colexios, centros de profesores, xornadas, congresos, seminarios, bibliotecas, casas da cultura etc. Na actualidade ten un espazo dedicado a bibliotecas, libros e contos na Radio Castela A Mancha (desde 2015).



“Mediación na lectura en contextos de diversidade”. Miguel Horta.

Pintor, escritor e ilustrador de literatura infantil e xuvenil (Pinok e Baleote, Dacoli e Dacolá, Rimas salgadas). Mediador cultural en museos, bibliotecas públicas e escolares, barrios problemáticos, prisións, rúas e prazas. Contador de historias e formador na área de mediación lectora e mediación en contextos de NEE.

En 2014 fundou a Asociación Cultural Laredo, coa que participa en diversos proxectos de intervención e mediación de lectura como Projeto Gulbenkian Leituras em Cadeia, Projeto Mithós a Ler e Projeto Bairro Leitor.



“Obradoiro de Radio- Ponte nas Ondas”. Xerardo Feijoo Rapela e Damián Alonso



Exposición de pósteres



Charo Pita

Obradoiro principalmente práctico onde o xogo coa lectura tanto a nivel individual como de grupo (creación dun coro lector) será o protagonista. Daranse recursos para experimentar desde o punto de vista da expresión, o ritmo e a emoción ademais de exemplos para traballar distintos tipos de texto, así como nocións mínimas sobre ler con micrófono ou ante unha cámara.

Narradora oral desde o ano 1994. Escritora con máis de unha ducia de libros publicados como Quen pode vencer o vento, Velliñas, Maxia ou Oxalá estiveses aquí, é tamén cantante. Moitas das súas montaxes en directo conxugan a narración de historias coa música. Tamén imparte obradoiros de narración oral e lectura en voz alta para distintas idades e colectivos.

Quen é quen? Encontros de centros PLAMBE 2017/2018

Bibliotecas
escolares
de Galicia



“A imaxinación (valor fundamental da nosa literatura oral) fainos libres!” Antonio Reigosa

Contra a opinión xeneralizada, non todos os temas (contos, lendas, mitos...) da literatura oral tradicional sobreviven nin os que o fan son fósiles tal fantasmas dun pasado máis ou menos remoto.

Moitos destes relatos esquécense, outros suplántanse con tradicións alleas envoltas en celofán aparente, e outros permanecen teimudos nas nosas memorias. Sobreviven e a razón é que se actualizan e se adaptan aos tempos canda nós; coma nós.

É certo que algunhas destas narracións (non todas, nin moito menos) esconden valores negativos soterrados (como nós mesmos) quizais anacrónicos, pero as que permanecen son, gústenos ou non, espellos simbólicos nos que reflectimos a nosa maneira actual de pensar e de entender o mundo.

Existe unha vontade social que prefire desprestixiar este patrimonio no canto de interpretalo e, no seu caso, acomodalo, sen hipocrisías, aos valores que dicirmos procurar.

Pois ben, un dos valores fundamentais da tradición e o estímulo da imaxinación, o don ou capacidade que nos alenta, a ferramenta marabillosa coa que construír escenarios de futuro, reais ou imaxinarios, en liberdade e en igualdade.

A imaxinación é, ademais dun dereito básico, un valor patrimonial irrenunciable

Responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo. Cronista Oficial de Mondoñedo. Escritor, investigador e divulgador da mitoloxía popular, da literatura de tradición oral e da cultura oral. Creador e coordinador da enciclopedia virtual Galicia Encantada (<http://www.galiciaencantada.com>) e de varias revistas orais. Vogal responsable de literatura de tradición oral da AELG) desde onde coordina os proxectos “Polafías” e “Mestres da memoria”.